# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026753 | IES A Pontepedriña | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Antropoloxía | 1º Bac. | 4 | 140 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 24 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 26 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 26 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 27 |
| 7.2. Actividades complementarias | 27 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 29 |

## 1. Introdución

Esta programación didáctica desenvolve a materia de ANTROPOLOXÍA para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro de 2022 onde se define o curriculum da ESO e Bacharelato na CCAA de Galicia.

A materia de Antropoloxía debe ofrecer unha introdución tanto á perspectiva holística e interdiciplinar da antropoloxía como unha oportunidade na comprensión crítica da propia cultura desde as ferramentas da disciplina. A materia oferece unha oportunidade para adquirir perspectivas múltiples sobre a condición humana (filosóficas, biolóxicas, lingüisticas, socio culturais...) ao mesmo tempo que ofrecer os instrumentos para un cuestionamento do etnocentrismo, androcentrismo e eurocentrismo desde o relativismo cultural. As ferramentas metodolóxicas propias da disciplina (o traballo de campo, estudo de caso, etc.) serán claves na implicación autónoma e activa do alumnado na súa formación.
A materia, sendo optativa con 4 horas semanais, organizase cunha metodoloxía participativa e principalmente por proxectos para favorecer unha aprendizaxe significativa.
Nos dous primeiros trimestres traballarase na adquisión e comprensión das ferramentas teóricas e metodolóxicas da materia para centrarse nun proxecto de traballo de investigación no terceiro.
Outro aspecto tido en conta no deseño da programacion foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación se desenvolve nun IES A PONTEPEDRIÑA
O Instituto de Ensino Secundario Pontepedriña, de titularidade pública, está emprazado na rúa Amor Ruibal nº 28 no barrio compostelán de Pontepedriña. Na súa orixe tivo o nome de Instituto de Bacharelato Mixto nº 6, e entrou en funcionamento no curso 1990- 1991.
O IES Pontepedriña atópase nunha zona da cidade de Santiago de Compostela que se dinamizou fortemente nos últimos anos, converténdose no centro dunha área que inclúe centros comerciais, residenciais e turísticos. Está situado ao lado do parque do Paxonal, que é o de maior extensión de todo o concello e discorre entre as dúas marxes do río Sar entre os barrios de Sar e de Conxo. Atópase situado na vía de entrada principal de Santiago Leste, polo tanto é un centro ben comunicado por autobús e na súa proximidade tamén está a estación de ferrocarril. O alumnado provén principalmente dos barrios de Pontepedriña, Conxo, Lamas de Abade, Os Tilos e Sar. No caso do Bacharelato, tamén acuden alumnos e alumnas de Vedra, Boqueixón e Touro.
Outras características:
Poboación inmigrante en aumento que se incorporan ao Centro de xeito continuado ao longo do curso.

O grupo de 1 de Bacharelato da materia de Antropoloxía está constituido por 13 alumnos e alumnas de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e ciencias sociais, de 4 subgrupos diferentes (A, B, C e D).

O grupo é hetereoxénero, máis alá dos seus puntos de partida respecto á materia. A elección da mesma difire moito en canto á motivación e expectactivas mostradas inicialmente. Detectamos algún caso de bastante desinterese que, mediante unha metodoloxía activa, participativa e centrada no alumnado, permita que se dea unha maior implicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Identificar o obxecto de estudo da antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo. | | | 2 | | 11 | 1 | | 1 |
| OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía ven facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que puidesen constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas así como confrontándoas coas aportadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e darllo ao mundo. | 1-2 | | 2 | 1 | 40 | 3 | | 1 |
| OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou ás diferenzas entre individuos e grupos humanos. | 2-3 | 3 | 2 | 1 | 20-31 | 1-2-4 | | 1 |
| OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, a cultura e a interacción co medio ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais. | 2-3 | 3 | 2 | 1 | 20-31 | 1-2-3-4 | | 1 |
| OBX5 - Entender ao ser humano como animal social, e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropolóxico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropolóxicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoloxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas. | 1-2-5 | 3 | 2-4 | 1-2 | 40 | 1-2-3 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Analizar a importancia da produción cultural, tanto material como inmaterial, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre a mesma. | 1-2-3 | 3 | 2-4 | 1-2 | 31-40 | 1-2-3 | 3 | 1-2 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O Saber antropolóxico | Adentrarémonos nas principais características da antropoloxia como estudo multidisciplinar holístico e científico da condición humana. O traballo de campo de Margaret Mead, primeiro indicio de civilización, aportacións. Mariño Ferro e o seu traballo de campo. As técnicas de traballo da Antropoloxía filosófica e a Biolóxica. Carácter holístico da Antropoloxía Filosófica. | 20 | 15 | X | | |
| 2 | Que é ser humano? | Investigación sobre "nenas e nenos salvaxes" relacionando coa filoxénese e ontoxénese e debate sobre as súas implicacións. Aportacións da Antropoloxía. Concepcións do ser humano desde a Antropoloxía filosófica. | 10 | 20 | X | | |
| 3 | Homo cultura: a antropoloxía sociocultural | Aproximación a condición sociocultural do ser humano e aos instrumentos metodolóxicos da antropoloxia (relativismo, traballo de campo, observación participante). | 10 | 10 | X | | |
| 4 | A cuestión humana: Antropoloxía filosófica | Introdución ás grandes concepcións do ser humano na filosofía | 20 | 25 | | X | |
| 5 | Hominización e Humanización: antropoloxía física | Estudo dos grandes elementos e procesos evolutivos (biolóxicos e histórico culturais) definidores do Spiens | 20 | 25 | | X | |
| 6 | Proxecto Antropolóxico | Investigación antropolóxica. Elección de métodos, perspectivas e obxectos de estudo. | 20 | 45 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O Saber antropolóxico | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía. | Identifica, define e relaciona de xeito teórico e práctico as ramas da Antropoloxía. | PE | 70 |
| CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas. | Síntese e exposición de material sobre os campos da antropoloxía e os seus métodos<br><br>Debate, utilizando como base a rúbrica de "situación ideal de fala" respecto a algunha corrente antropolóxica controvertida. | TI | 30 |
| CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes. | Analiza producións de antropólogas/os aplicando os contidos da UD, distinguindo un estudo antropolóxico doutro tipo de produción do saber. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A Antropoloxía. |
| - Definición. |
| - Obxecto. |
| - Fins. |
| - Método e técnicas dos estudos antropolóxicos. |
| - Ramas da antropoloxía. |
| - Antropoloxía física. |
| - Antropoloxía sociocultural. |
| - Antropoloxía filosófica. |
| - A antropoloxía e a súa relación con outros saberes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Que é ser humano? | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Reflexionar sobre a situación filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da antropoloxía físicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica. | Reflexión sobre a antropoloxía sociocultural e filosófica e a biolóxica e a vixencia da filosófica nun mundo tecnificado | PE | 70 |
| CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradicións non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía. | Síntese teórica da evolución da construción teórica do ser humano | | |
| CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto. | Definición de humanización, evolución, adaptación, plasticidade biolóxica, linguaxe simbólica, técnica, pensamento abstracto. | | |
| CA4.1 - Definir ao ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais, e comprendendo a noción de rol social e cultural. | O ser humano como animal socio-histórico-cultural | | |
| CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic. | Primeira e segunda natureza do ser humano | | |
| CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes. | Sintetizar a especialidade da Antropoloxía e o seu estudo do ser humano | TI | 30 |
| CA2.1 - Analizar o papel da antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación. | Lectura comprensiva de producións antropolóxicas e escritas -desde a perspectiva da aprendizaxe significativa- para establecer a relación ser humano-antropoloxía | | |
| CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía. | Presentación dos contidos da UD respecto á "especificidade do ser humano" | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras. | Ensaio crítico sobre a variabilidade da especie (SIF e Rúbricas de traballos grupais) | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A Antropoloxía.<br>- Ramas da antropoloxía.<br>- Antropoloxía filosófica.<br>- A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.<br>- A posición ontolóxica do ser humano.<br>- As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.<br>- A antropoloxía filosófica na era da antropoloxía físico-biolóxica e da antropoloxía sociocultural.<br>- A idea da natureza humana na tradición filosófica.<br>- O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais.<br>- Na filosofía antiga.<br>- No medievo.<br>- Do renacemento á ilustración.<br>- Desde o século XIX.<br>- A busca da especificidade humana.<br>- Autoconsciencia e consciencia da finitude.<br>- A linguaxe e o simbolismo.<br>- A praxe en liberdade.<br>- As paixóns e os afectos.<br>- O proceso de humanización.<br>- A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto.<br>- O papel da muller na humanización.<br>- A diversidade biolóxica das poboacións humanas.<br>- O papel da herdanza, a cultura e o medio ambiente na mesma.<br>- O ser humano como animal social. |

| Contidos |
| --- |
| ⁻ O rol social e cultural.<br>⁻ A dimensión social e cultural da linguaxe.<br>⁻ As diferenzas sociais.<br>⁻ Definición de cultura e endoculturación.<br>⁻ A construción social da cultura.<br>⁻ Culturas tradicionais e culturas globalizadas.<br>⁻ A diversidade cultural.<br>⁻ Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic.<br>⁻ A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero.<br>⁻ A produción cultural material e inmaterial.<br>⁻ As manifestacións culturais. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | Homo cultura: a antropoloxía sociocultural | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía. | Caracterización da Antropoloxía cociocultural | PE | 66 |
| CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto. | Filoxénese, ontoxénese e a súa relación coa cultura | | |
| CA4.1 - Definir ao ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais, e comprendendo a noción de rol social e cultural. | Analiza e argumenta a dimensión sociocultural do ser humano. | | |
| CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. | Argumenta sobre o valor da diversidade cultural diferenciando entre o etnocentrismo e o relativismo cultural -desde unha perspectiva crítica- distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. | | |
| CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo. | Margaret Mead: achegas do seu traballo | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes. | Especialidade da Antropoloxía fronte a outros saberes | TI | 34 |
| CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic. | Emprega teoría das diferentes escolas para analizar procesos de endoculturación desde unha construción reflexiva do termo "cultura· | | |
| CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais. | Describe, analiza e explica dun xeito sinxelo algún elemento cultural do seu contorno.<br>Distingue, a partir dunha listaxe, produccións culturais materiais e inmateriais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ramas da antropoloxía.<br>- Antropoloxía filosófica.<br>- O proceso de humanización.<br>- O papel da muller na humanización.<br>- A diversidade biolóxica das poboacións humanas.<br>- Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie.<br>- A Antropoloxía sociocultural.<br>- Os métodos de investigación.<br>- As escolas antropolóxicas.<br>- O ser humano como animal social.<br>- O rol social e cultural.<br>- A dimensión social e cultural da linguaxe.<br>- As diferenzas sociais.<br>- Definición de cultura e endoculturación.<br>- A construción social da cultura.<br>- Culturas tradicionais e culturas globalizadas.<br>- A diversidade cultural.<br>- Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic.<br>- Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. |

| Contidos |
|---|
| ‐ A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero.<br>‐ Os universais culturais.<br>‐ A produción cultural material e inmaterial.<br>‐ O hábitat.<br>‐ Os costumes e tradicións.<br>‐ As manifestacións culturais.<br>‐ Antropoloxía do parentesco. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A cuestión humana: Antropoloxía filosófica | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes. | Caracterización da Antropoloxía filosófica | PE | 60 |
| CA2.1 - Analizar o papel da antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación. | Explica que é, cal é a orixe , evolución e actualidade da Antropoloxía filosófica. | | |
| CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo. | Noam Chomsky e a Gramática Universal: reflexión desde a perspectiva da Antropoloxía Filosófica | | |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a situación filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da antropoloxía físicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica. | Compara a as aportacións das diferentes antropoloxías para a configuración da análise do ser humano. | TI | 40 |
| CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradicións non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía. | Analiza as variacións das teorías sobre o ser humano ao longo da historia da filosofía. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía. | Expresa utilizando ferramentas dixitais os grandes modelos filosóficos integrando aportacións interdiciplinares dun xeito holístico. | | |
| CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras. | SIF e Rúbricas de Traballo Grupal (RTG) sobre diversidade da especie | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ramas da antropoloxía.<br>- Antropoloxía filosófica.<br>- A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.<br>- A posición ontolóxica do ser humano.<br>- As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.<br>- A antropoloxía filosófica na era da antropoloxía físico-biolóxica e da antropoloxía sociocultural.<br>- A idea da natureza humana na tradición filosófica.<br>- Na filosofía antiga.<br>- No medievo.<br>- Do renacemento á ilustración.<br>- Desde o século XIX.<br>- A busca da especificidade humana.<br>- Autoconsciencia e consciencia da finitude.<br>- A linguaxe e o simbolismo.<br>- A praxe en liberdade.<br>- As paixóns e os afectos.<br>- O proceso de humanización.<br>- O papel da muller na humanización.<br>- A diversidade biolóxica das poboacións humanas.<br>- Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie. |

| **Contidos** |
|---|
| - O ser humano como animal social.<br>- O rol social e cultural.<br>- A dimensión social e cultural da linguaxe.<br>- As diferenzas sociais.<br>- A diversidade cultural.<br>- Os universais culturais.<br>- Antropoloxía do parentesco. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Hominización e Humanización: antropoloxía física | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas. | Definición de Antropoloxía Física e hominización | PE | 20 |
| CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto. | Reflexiona sobre a relación entre a adaptación ao medio, como elemento fundamental para a evolución e a creación da capacidade simbólico-cultural do ser humano | | |
| CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía. | Traballo colaborativo con TIC avaliado con SIF e RTG sobre a hominización, humanización e a interacción da antropoloxia física coas demais antropoloxías estudadas | TI | 80 |
| CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas. | Expresa de xeito icónico-textual o proceso filoxenético e ontoxenético e a súa relación co homo sapiens | | |
| CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras. | Investiga, de xeito rigoroso, sobre a diversidade e variabilidade da nosa especie, poñendo en valor as diferenzas como elementos enriquecedores. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo. | Exemplifica a imporatancia dos achádegos da Antropoloxía  bioloxica para establecer hipóteses sobre o parentesco. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ⁻ A Antropoloxía.<br>⁻ Definición.<br>⁻ Método e técnicas dos estudos antropolóxicos.<br>⁻ Ramas da antropoloxía.<br>⁻ Antropoloxía física.<br>⁻ Antropoloxía filosófica.<br>⁻ A antropoloxía e a súa relación con outros saberes.<br>⁻ A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.<br>⁻ As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.<br>⁻ A evolución humana: o proceso de hominización.<br>⁻ A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo.<br>⁻ A árbore filoxenética.<br>⁻ O proceso de humanización.<br>⁻ A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto.<br>⁻ O papel da muller na humanización.<br>⁻ A diversidade biolóxica das poboacións humanas.<br>⁻ O papel da herdanza, a cultura e o medio ambiente na mesma.<br>⁻ Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie.<br>⁻ A produción cultural material e inmaterial.<br>⁻ O hábitat. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Proxecto Antropolóxico | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas. | Analizar a metodoloxía da Antropoloxía segundo o seu obxecto de estudo e rama. | PE | 38 |
| CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. | Comenta un texto aplicando os conceptos do CA4.3 de xeito argumentado | | |
| CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais. | Describe o valor dos proxectos antropolóxicos para a sociedade actual | | |
| CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo. | Sintetiza a importancia da linguaxe no ser humano á hora de convertelo en obxecto de estudio | | |
| CA4.6 - Reflexionar sobre os aspectos propios da cultura e da sociedade galega, desenvolvendo un traballo de campo, desde os puntos de vista etnográfico ou etnolóxico. | Síntese dun proxecto antropolóxico sobre algún aspecto da cultura / sociedade galega | | |
| CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía. | Define o seu obxecto de estudo en función da rama antropolóxica escollida | TI | 62 |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a situación filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da antropoloxía físicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica. | Reflexiona sobre o seu proxecto desde a perspectiva antropolóxica (xustificación do proxecto) | | |
| CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía. | Establece un marco conceptual no seu proxecto | | |
| CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas. | Vincula filoxénese e hominizacion na introdución do seu proxecto | | |
| CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto. | Na conclusión do seu proxecto trata de xeito crítico o proceso de adaptación como elemento básico da nosa especie, conectando coa actualidade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras. | Lista os beneficios globais da diversidade no seu proxecto | | |
| CA4.1 - Definir ao ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais, e comprendendo a noción de rol social e cultural. | Define o seu obxecto de estudo de xeito amplo | | |
| CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic. | No seu proxecto define de xeito correcto o termo "cultura" desde a perspectiva da "segunda natureza" | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A Antropoloxía.<br>- Método e técnicas dos estudos antropolóxicos.<br>- Ramas da antropoloxía.<br>- Antropoloxía sociocultural.<br>- Antropoloxía filosófica.<br>- A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.<br>- A antropoloxía filosófica na era da antropoloxía físico-biolóxica e da antropoloxía sociocultural.<br>- A busca da especificidade humana.<br>- A praxe en liberdade.<br>- As paixóns e os afectos.<br>- A evolución humana: o proceso de hominización.<br>- A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo.<br>- A árbore filoxenética.<br>- O proceso de humanización.<br>- A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto.<br>- O papel da muller na humanización.<br>- A diversidade biolóxica das poboacións humanas.<br>- O papel da herdanza, a cultura e o medio ambiente na mesma.<br>- Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie. |

| Contidos |
|---|
| - A Antropoloxía sociocultural. |
| - Os métodos de investigación. |
| - As escolas antropolóxicas. |
| - O ser humano como animal social. |
| - O rol social e cultural. |
| - A dimensión social e cultural da linguaxe. |
| - As diferenzas sociais. |
| - Definición de cultura e endoculturación. |
| - A construción social da cultura. |
| - Culturas tradicionais e culturas globalizadas. |
| - A diversidade cultural. |
| - Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic. |
| - Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. |
| - A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero. |
| - Os universais culturais. |
| - A produción cultural material e inmaterial. |
| - O hábitat. |
| - Os costumes e tradicións. |
| - As manifestacións culturais. |
| - Antropoloxía do parentesco. |
| - Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase na teoría da aprendizaxe significativa,inspirada nos traballos de Vigostsky, Piaget e, especialmente, de Ausubel e no DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe). Os obxectivos como didactas serán:
1.Poñer ao descuberto os prexuízos, coñecementos previos... da persoa aprendiz.
2. Provocar no educando un conflito cognitivo.
3. Modificar os seus esquemas previos.
4. “Recolocar” os novos coñecementos de xeito que sexan asimilados polo/a alumno/a.
Como vemos, este xogo de, por así dicilo, ruptura-reconstrución casa moi ben ca idea

do método socrático. Este, como sabemos, consiste esencialmente en empregar o diálogo para chegar ao coñecemento (maiéutica). A idea chave é que a profesora non inculca as ideas ao alumno ou alumna, senón que, é o propio educando o que extrae de si mesmo o coñecemento, adaptándose a todas/os, ás súas potencialidades, intereses, estilos e ritmos (DUA).

As súas fases serán as seguintes:
1. Formulación da cuestión que vertebra cada unidade por parte da profesora e audiovisual introdutorio.
2. Rebatemento e guía das respostas dadas ao debate suscitado trala visualización dun audiovisual.
3. Discusión sobre o tema co fin de que provocar a confusión (conflito cognitivo) no alumnado ao caer na conta de que xa non ten tan claro aquilo que cría saber perfectamente (recopilación de coñecementos previos).
4.Tras este momento de incómoda confusión, irase chegando progresivamente a definicións cada vez máis precisas sobre o tema-cuestión que se investiga.
5. A discusión concluirá cando os educandos consigan, grazas á guía da profesora, acadar os coñecementos aos que pretendiamos chegar (reconstrución).

En canto ao modo expositivo, en coherencia coa metodoloxía, será sempre interactivo, as explicacións da profesora seguirán algúns criterios básicos:
1. Rigor argumental, de modo que o alumnado poida seguir o camiño da reflexión que fundamenta e xustifica as teses expostas.
2. Claridade expositiva, froito dunha linguaxe accesible, que non renuncia por ilo á precisión e á esixencia de que o/a alumno/a se faga cun mínimo de vocabulario técnico desta disciplina.
3. Imparcialidade, que leva a expoñer con ecuanimidade os argumentos a favor e en contra das posturas expostas.
4. Peche do discurso, é dicir, as explicacións non se deixarán a medias, senón que se expoñerán as conclusións de xeito claro, unha vez que se teña percorrido todo o camiño de construción de coñecemento (para isto servirá de soporte compilatorio a idea de "ficha de traballo" e o manexo do libro de texto de 1º de Bacharelato de Santillana).
5. Proximidade ao mundo do/a alumno/a de xeito que se recorra, sempre que sexa posible, a exemplos extraídos da experiencia máis cercana.
6. A exposición será interactiva, aberta ao diálogo e utilizando un modelo emirec (interacción baseada no cambio de rol de emisor a receptor con base a unha relación horizontal), defendido por Roberto Aparici.
As actividades recolleranse nun portafolio, no que se irán incluíndo todas as fichas de traballo e cuestións propostas pola profesora. Este entregarase en Aula Virtual, para evitar o extravío da documentación, a acumulación de papel e/ou os conflitos profesora-alumnado respecto á entrega ou non das tarefas. Será un traballo continuo e o seu rexistro será dixital. Isto favorecerá a conquista das aprendizaxes e o logro, polo tanto, dos obxectivos conceptuais, procedimientais e actitudinais propios da materia.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen, acordes á normativa e á presente programación. As ferramentas de avaliación serán coñecidas polo alumnado previamente.Polo tanto, cada rúbrica será traballada na aula. Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos, permitindo así a adaptación ao alumnado e a concquista das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.
Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro de texto.
Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.
A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso

AVALIACIÓN

Criterios cualificación

Os criterios de cualificación serán os seguintes:
1. As probas escritas (ao menos 1 cada avaliación) terán un peso dun 70% da cualificación. Estas serán variadas e conterán sempre distintos tipos de propostas, para poder aplicar a premisa DUA. Unha proba poderá conter:
a) Comentario de texto e/ou ensaio ao menos dous dos seguintes tipos
b) Cuestións de completar
c) Cuestións tipo test.
d) Cuestións de relación.
e) Cuestións de comparación.
f) Cuestións de análise conceptual.
g) Definicións.
h) Cuestións de resposta breve.
i) Cuestións de deenvolvemento.
j) Composicións.
k) Análise de casos.
O mínimo para facer media co portafolio será a obtención dun 35%

O 30% da cualificación extraerase do traballo realizado ao longo da avaliación e recollerase nun “Portafolio”. Este entregarase en Aula Virtual -para deixar constatación e evitar malentendidos innecesarios-e consistirán en:

1. Apontamentos e exercizos diarios 0,5 puntos./3
2. Selección de:

Tarefas grupais (utilizarase rúbrica da que se extraerá unha cualificación individual e outra grupal, que non teñen por que corresponderse. A cualificación individual corresponderase cun 30% e a individual cun 70%. O obxectivo e fomentar a responsabilidade e evitar conflitos pola posible diferenza de implicación (1 punto/3)
Tarefas individuais: utilizarase rúbrica para extraer cualificación (1 punto/3)

3. Intervencións en aula (mediante o uso de rúbrica elaborada pola profesora, 0,5 puntos/3).

O mínimo para facer media coa/s proba/s escrita/s será a obtención dun 15%

No caso de que non se obteña o 35% da cualificación e 15% da cualifación nos apartados descritos, proporase unha proba teórico-práctica valorada nun 100%. Con esta estratexia procúrase que o alumnado traballe ao longo da avaliación, para poder detectar dificuldades, constatar avances... antes de que chegue o momento da avaliación final. Se traballamos ao longo do trimestre é moito máis probable facerse coas competencias e logras os obxectivos propios da nosa materia. O fin é axudar ao alumnado, fomentando a aprendizaxe significativa e non a mera repetición memorística de contidos, que sen apropiación, quedan nun saco valeiro. Prestaremos a axuda pedagóxica precisa, e coordinarémonos, de ser preciso, co Departamento de Orientación e as persoas titoras de cada grupo.

Para obter o aprobado en cada avaliación o alumno/a deberá acadar, unha vez aplicados os dous primeiros criterios, a nota de 5 sobre 10 SEN REDONDEO.
Á nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
Á nota da avaliación final se lle aplican as seguintas regras de redondeo:
(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
(2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios cualificación

Os criterios de cualificación serán os seguintes:
1. As probas escritas (ao menos 1 cada avaliación) terán un peso dun 70% da cualificación. Estas serán variadas e conterán sempre distintos tipos de propostas, para poder aplicar a premisa DUA. Unha proba poderá conter:
a) Comentario de texto e/ou ensaio ao menos dous dos seguintes tipos
b) Cuestións de completar
c) Cuestións tipo test.
d) Cuestións de relación.
e) Cuestións de comparación.
f) Cuestións de análise conceptual.
g) Definicións.
h) Cuestións de resposta breve.
i) Cuestións de deenvolvemento.
j) Composicións.
k) Análise de casos.
Dada a variedade das combinacións posibles das probas, e para favorecer o logro das competencias e obxectivos da materia, a ponderación das probas escritas será a seguinte:
Apartado "a" contará un 40% e a selección dos demais tipos de apartados -ao menos dous tipos, como indicamos- terán un peso dun 60% nas probas escritas.
O mínimo para facer media co portafolio será a obtención dun 35%

O 30% da cualificación extraerase do traballo realizado ao longo da avaliación e recollerase nun “Portafolio”. Este entregarase en Aula Virtual -para deixar constatación e evitar malentendidos innecesarios-e consistirán en:

1. Apontamentos e exercizos diarios 0,5 puntos./3
2. Selección de:

Tarefas grupais (utilizarase rúbrica da que se extraerá unha cualificación individual e outra grupal, que non teñen por que corresponderse. A cualificación individual corresponderase cun 30% e a individual cun 70%. O obxectivo e fomentar a responsabilidade e evitar conflitos pola posible diferenza de implicación (1 punto/3)
Tarefas individuais: utilizarase rúbrica para extraer cualificación (1 punto/3)

3. Intervencións en aula (mediante o uso de rúbrica elaborada pola profesora, 0,5 puntos/3).

O mínimo para facer media coa/s proba/s escrita/s será a obtención dun 15%

No caso de que non se obteña o 35% da cualificación e 15% da cualifación nos apartados descritos, proporase unha proba teórico-práctica valorada nun 100%. Con esta estratexia procúrase que o alumnado traballe ao longo da avaliación, para poder detectar dificuldades, constatar avances... antes de que chegue o momento da avaliación final. Se traballamos ao longo do trimestre é moito máis probable facerse coas competencias e logras os obxectivos propios da nosa materia. O fin é axudar ao alumnado, fomentando a aprendizaxe significativa e non a mera repetición memorística de contidos, que sen apropiación, quedan nun saco valeiro. Prestaremos a axuda pedagóxica precisa, e coordinarémonos, de ser preciso, co Departamento de Orientación e as persoas titoras de cada grupo.

Para obter o aprobado en cada avaliación o alumno/a deberá acadar, unha vez aplicados os dous primeiros criterios, a nota de 5 sobre 10 SEN REDONDEO.
Á nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
Á nota da avaliación final se lle aplican as seguintas regras de redondeo:
(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
(2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Revisa:
Punto 5.1 pones tres tipos de instrumentos y LISTO
aparece 1.
Punto 5.2 falta valoración de cada apartado das probas escritas.
Yo lo pondría.
A partir del 10 de junio actividades .... LISTO
5.3. En primero no hay alumnos con la materia pendiente. Error
mío. LISTO
7.2 Charlas?. Me comentaste algo. LISTO
9. Yo pondría los contenidos mínimos.
Siempre los pongo en segundo.
Creo que es mejor que queden claros.
Un saludo
Buen fin de semana.

1º Trimestre: "O Acoso, competencias para unha cidadanía crítica e comprometida”. Realizarase unha ponencia por parte dunha profesional especialista, Susana Iglesias, con ampla experiencia en Formación, Acoso, Igualdade, Habilidades Sociais, Xestión e dinamización de equipos e Motivación. O alumnado, durante e trala ponencia, realizará unha ficha de traballo na que se avaliará o logro dos obxectivos da presente programación.

2º Trimestre: "Eu e as miñas relacións coas/cos demais, unha perspectiva saudable". Charla a cargo de Quérote na que se tratarán problemáticas propias da adolescencia e dos dilemas que poden enfrontar no tránsito á vida adulta en cando á relación coas demais persoas, consigo mesmas/os e coas situacións de risco.

5.1
Para realizar a avaliación inicial, e determinar o nivel de coñecementos, habilidades e competencial do alumnado, empregarase unha ferramenta de avaliación que permita avaliar o nivel de comprensión e escrita inicial do alumnado. Esa consistira na elaboración dun comentario de texto breve e análise de imaxes. Desta práctica inicial poderase extraer información para establecer posibles puntos de partida respecto ás competencias fundamentais que precisamos para a materia (lectura comprensiva, creatividade, reflexión, escrita....). A complexidade conceptual e procedimental, así como a necesidade dunha actitude crítica ampla require o enforntamento constante co texto, coas produciións culturais e datos antropolóxicos diversos.

A metodoloxía baséase na teoría da aprendizaxe significativa,inspirada nos traballos de Vigostsky, Piaget e, especialmente, de Ausubel e no DUA (Deseño Universal de

Aprendizaxe). Os obxectivos como didactas serán:
1.Poñer ao descuberto os prexuízos, coñecementos previos... da persoa aprendiz.
2. Provocar no educando un conflito cognitivo.
3. Modificar os seus esquemas previos.
4. “Recolocar” os novos coñecementos de xeito que sexan asimilados polo/a alumno/a.
Como vemos, este xogo de, por así dicilo, ruptura-reconstrución casa moi ben ca idea do método socrático. Este, como sabemos, consiste esencialmente en empregar o diálogo para chegar ao coñecemento (maiéutica). A idea chave é que a profesora non inculca as ideas ao alumno ou alumna, senón que, é o propio educando o que extrae de si mesmo o coñecemento, adaptándose a todas/os, ás súas potencialidades, intereses, estilos e ritmos (DUA).

As súas fases serán as seguintes:
1. Formulación da cuestión que vertebra cada unidade por parte da profesora e audiovisual introdutorio.
2. Rebatemento e guía das respostas dadas ao debate suscitado trala visualización dun audiovisual.
3. Discusión sobre o tema co fin de que provocar a confusión (conflito cognitivo) no alumnado ao caer na conta de que xa non ten tan claro aquilo que cría saber perfectamente (recopilación de coñecementos previos).
4.Tras este momento de incómoda confusión, irase chegando progresivamente a definicións cada vez máis precisas sobre o tema-cuestión que se investiga.
5. A discusión concluirá cando os educandos consigan, grazas á guía da profesora, acadar os coñecementos aos que pretendiamos chegar (reconstrución).

En canto ao modo expositivo, en coherencia coa metodoloxía, será sempre interactivo, as explicacións da profesora seguirán algúns criterios básicos:
1. Rigor argumental, de modo que o alumnado poida seguir o camiño da reflexión que fundamenta e xustifica as teses expostas.
2. Claridade expositiva, froito dunha linguaxe accesible, que non renuncia por ilo á precisión e á esixencia de que o/a alumno/a se faga cun mínimo de vocabulario técnico desta disciplina.
3. Imparcialidade, que leva a expoñer con ecuanimidade os argumentos a favor e en contra das posturas expostas.
4. Peche do discurso, é dicir, as explicacións non se deixarán a medias, senón que se expoñerán as conclusións de xeito claro, unha vez que se teña percorrido todo o camiño de construción de coñecemento (para isto servirá de soporte compilatorio a idea de "ficha de traballo" e o manexo do libro de texto de 1º de Bacharelato de Santillana).
5. Proximidade ao mundo do/a alumno/a de xeito que se recorra, sempre que sexa posible, a exemplos extraídos da experiencia máis cercana.
6. A exposición será interactiva, aberta ao diálogo e utilizando un modelo emirec (interacción baseada no cambio de rol de emisor a receptor con base a unha relación horizontal), defendido por Roberto Aparici.

As actividades recolleranse nun portafolio, no que se irán incluíndo todas as fichas de traballo e cuestións propostas pola profesora. Este entregarase en Aula Virtual, para evitar o extravío da documentación, a acumulación de papel e/ou os conflitos profesora-alumnado respecto á entrega ou non das tarefas. Será un traballo continuo e o seu rexistro será dixital. Isto favorecerá a conquista das aprendizaxes e o logro, polo tanto, dos obxectivos conceptuais, procedimientais e actitudinais propios da materia.
Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen, acordes á normativa e á presente programación. As ferramentas de avaliación serán coñecidas polo alumnado previamente.Polo tanto, cada rúbrica será traballada na aula. Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos, permitindo así a adaptación ao alumnado e a concquista das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.
Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro de texto.
Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.
A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula TIC |
| Caderno de campo |
| Materiais de lectura seleccionados |
| Aula virtual da materia. |
| Vídeos e curtas adaptados aos contidos e conceptos explicados [colgados na Internet]. |
| Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces |

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

O caderno servirá de diario da aula. A aula virtual na web do centro servirá como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos (Portafolio".

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Comentario de texto e análise de imaxe sobre produtos antropolóxicos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **10** | **10** | **20** | **20** | **20** | **100** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 66 | 60 | 20 | 38 | **51** |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 34 | 40 | 80 | 62 | **49** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación serán os seguintes:
1 Probas escritas (ao menos 1 cada avaliación) terán un peso dun 70% cualificación. Estas serán variadas e conterán sempre distintos tipos de propostas, para poder aplicar o DUA. Unha proba poderá conter:
a) Comentario de texto e/ou ensaio ,ao menos, dous dos seguintes tipos de cuestións
b) Completar
c) Test.
d) Relación.
e) Comparación.
f) Análise conceptual.
g) Definicións.
h) Cuestións de resposta breve.
i) Cuestións de deenvolvemento.
j) Composicións.
k) Análise de casos.
Dada a variedade das combinacións posibles das probas, e para favorecer o logro das competencias e obxectivos da materia, a ponderación das probas escritas será a seguinte:
Apartado "a" contará un 40% e a selección dos demais tipos de apartados -ao menos dous tipos, como indicamos-terán un peso dun 60% nas probas escritas.

O 30% da cualificación extraerase do traballo realizado ao longo da avaliación e recollerase nun "Portafolio". Este entregarase en Aula Virtual -para deixar constatación e evitar malentendidos innecesarios-e consistirán en:

1. Apontamentos e exercizos diarios 0,5 puntos./3
2. Selección de:

Tarefas grupais (utilizarase rúbrica da que se extraerá unha cualificación individual e outra grupal, que non teñen por que corresponderse. A cualificación individual corresponderase cun 30% e a individual cun 70%. O obxectivo e fomentar a responsabilidade e evitar conflitos pola posible diferenza de implicación (1 punto/3)

Tarefas individuais: utilizarase rúbrica para extraer cualificación (1 punto/3)

3. Intervencións en aula (mediante o uso de rúbrica elaborada pola profesora, 0,5 puntos/3).

Para obter o aprobado en cada avaliación o alumno/a deberá acadar, unha vez aplicados os dous primeiros criterios, a nota de 5 sobre 10 SEN REDONDEO.
Á nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. No caso de que a cualificación da recuperación sexa inferior á da avaliación, a nota que se terá en conta será a que máis beneficie á alumna/o. Farase media entre todas as notas de avaliación obtidas, sendo posible, superar a avaliación con algunha avaliación na que non se acade o "5". Por exemplo:
Primeira Av: 4, Segunda Av; 6, Terceira Av: 4
Total: 4,66, cualificación á que se aplicará o que segue.
Á nota da avaliación final se lle aplican as seguintas regras de redondeo:
(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).
(2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

[Polo tanto, no exemplo antedito, a cualificación final será de "5". Máis que acumulación de contidos, na LOMLOE incídese noutras aprendizaxes, competencias e obxectivos, que poden terse acadado, apesares de non dominar un contido específico. Aprender a ler de xeito comprensivo un texto, comentalo seguindo as técnicas de traballo filosófico, aplicar conceptos básicos ou redactar un ensaio con base filosófica, proporciona ao alumnado esas competencias e obxectivos  que vertebran o Decreto 157/2022]

A razón da estrutura de cualificación antedita é que se traballamos ao longo do trimestre é moito máis probable facerse coas competencias e lograr os obxectivos propios da nosa materia. O fin é axudar ao alumnado, fomentando a aprendizaxe significativa e non a mera repetición memorística de contidos, que sen apropiación, quedan nun saco valeiro. Prestaremos a axuda pedagóxica precisa, e coordinarémonos, de ser preciso, co Departamento de Orientación e as persoas titoras de cada grupo.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.
O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos (indicando obxectivos, en forma de criterios, e competencias encada exercicio) daquelas avaliacións que ten suspensas.
A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais, tanto as superadas como as non superadas, respectando a cualificación que máis beneficie ao alumnado. É dicir, de obter un 4 na avaliación e un 3 na recuperación, o dato que se use para calcular a media será o 4.
Entenderase superada a materia cando a cualficación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5, aplicando as regras de redondeo (4,4, queda en 4, 4,5 ou superior queda en 5).
Superada a Avaliación Ordniaria non se poderá subir nota, pero si se realizarán traballos de ampliación e reforzo ("Proxectos antropolóxicos" propostos pola profesora para que o alumnado elixa). De non superarse a Avaliación Ordinaria de xuño, o alumnado realizará actividades de recuperación e repaso (indicándose obxectivos e competencias en cada unha das tarefas, que se subirán á Aula Virtual con suficiente antelación para que se poidan traballar).
O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos (que inclúen conceptos, procedementos e actitudes recollidos nas competencias e obxectivos) expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.
A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una

cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non resulta de aplicación este curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).
De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:
Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración siginificativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.
Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.
O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lengua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.
O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de Borrador actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.
O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.
A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
Máis alá de medidas ordinarias ou extraordinarias, a nosa praxe docente seguirá o DUA; Orde de 8 de septiembre de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espíritu crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | | X | X | X | X |

**Observacións:**
O caracter holístico e multidisciplinar da antropoloxia fai desta materia o instrumento axeitado para concretar a maioria dos elementos trasversais do curriculo.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo de cine | Estudo antropolóxico dun filme | X | | |
| Visita á Faculdade de Filosofia | Percorrido pola zona da Faculdade, mediante guía dos grupos de traballo. Entrevista a profesorado do Departamento | | X | |
| Visita Museo pobo galego en Compostela | Visita guiada con actividades como exemplo do método etnográfico | | | X |

**Observacións:**

A planificación irase concretando a medida que vaia transcorrrendo o curso, pois dependerá da dispoñibilidade e coordinación co centro. En todo caso, propoñeranse actividades que contribúan ao Plan Lector e ao Plan de Igualdade, entre outros, en cooordinación cos departamentos e responsables correspondentes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| Metodoloxía empregada |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 10. Adecuación do desenvovlementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |
| Outros |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |

**Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.
Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras.
Os indicador 3 e o 4 correspóndense coa avaliacion da temporalización.
O indicado 5 avalía materiais didácticos.
Os indicadores, 6, 7, 8, 9 avalían tanto os momentos da valiación como os criterios de cualificación e avlaición.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento así como nos departmentos de coordinación do bacharelato do instituto.
Neste seguimento terase en conta:
1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e indicar as datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora no propio curso académico e para materializar en cursos vindeiros.

E as ferramentas a empregar para valorar o grao de cumplimento do puntos anteriores serán:
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## 9. Outros apartados

### 1. Contidos mínimos vinculados a criterios (concreción de obxectivos da materia) e competencias prescritos no Decreto 157/2022

1. Antropoloxía, ramas, comparativa e diferenza con outros saberes.
2. O ser humano como problema antropolóxico.
3. Antropoloxía sociocultural.
4. Antropoloxía Filosófica.
5. Hominización e Humanización.
6. Métodos de traballo antropolóxico: Proxecto antropolóxico elaborado pola alumna/o.

Todos estes contidos inclúen, como recolle o espírito da LOMLOE, e a súa base, a LOE, están compostos por conceptos, procedmentos e actitudes propias da materia. Polo tanto, cada un dos contidos vincuiarase a esta tripartición e á súa correspondencia con criterior e competencias prescritos na norma vixente.